



SOMOS A PEDRA





Os D'Abaixo...
respectando a tradición,
rachando fronteiras.

**100% FOLK GALEGO
E UNIVERSAL**




Gracias a tu colaboración

es posible
esta Festa.

SOMOS A PEDRA é o último traballo de OS D'ABAIXO onde a súa característica liña tradicional se fusiona, máis ca nunca, con aires novos de composicións propias.

A mensaxe que pretenden transmitir con este traballo é a de permanencia. Ante os ataques e aldraxes que sofren a nosa cultura, a nosa identidade e a nosa lingua, OS D'ABAIXO pretenden permanecer firmes coma a pedra, configurada por un material tan duro que a fai quen de soportar o paso dos anos e das adversidades sen desaparecer, coidando así do que é noso.

A súa CALIDADE, ORIXINALIDADE e ESPÍRITU FESTIVO son a súa carta de presentación, unha banda imprescindible no Folk galego actual.



VER VÍDEO ►

Os d'Abaixo apareceron no ano 2010 co obxectivo de promover e animar bailes e festas tradicionais na contorna de Compostela. O seu repertorio recolle algunhas das pezas populares máis coñecidas da música galega xunto con novas achegas de fontes tradicionais ou de nova composición.

O grupo está integrado por músicos que estiveron toda a vida vinculados ao folclore de Galiza, como por outros provintes de bandas folk de ampla traxectoria como son Berrogüetto ou Fía na Roca.

Nos seus directos ofrecen unha selección de música cargada de forza e enerxía, que entronca cun profundo respecto aos patróns da música tradicional co fin de incitar ao baile máis ancestral, que é unha peza fundamental na tradición musical de Galiza. Pero iso si, sempre buscando un son actual e en constante evolución.

Na primavera de 2014 édítase o primeiro disco do grupo “Ao vivo en Lorient”, que recolle 16 pezas gravadas nos concertos feitos en 2013 neste festival bretón. Tres anos despóis, na primavera de 2017, sae á luz o seu segundo disco “Quixera ser dos paxaros”, o primeiro gravado en estudio e no que se recollen unha maioría de temas inéditos para o folk galego, resultado dun gran traballo de investigación por parte de Xosé Ramón Vázquez, daquela acordeonista do grupo.

No ano 2019 incorpórase Santi Cribeiro, dando lugar á formación actual da banda, que despois de dous anos de traballo editan o que sería o seu terceiro disco titulado “Somos a pedra” (decembro 2021) no que, ademáis da tradición e investigación que acompañan ao grupo desde os seus inicios, cobran unha maior presenza os temas de composición, aportando novas sonoridades melódicas ao xa extenso repertorio destes composteláns. Ademáis, neste disco contan coa colaboración de grandes referencias da música de raíz da península como son Eliseo Parra, Xavi Lozano e a cantante portuguesa María João.

Os d'Abaixo son:

RICHI MARTÍN *percusión*

SANTI CRIBEIRO *acordeón e coros*

GON GOÁS *guitarra e coros*

XACOB VARELA *gaita, bouzouki e voz*

ROBERTO RAMA *gaita, saxo, pandeireta e coros*

QUIM FARINHA *violín e coros*

O grupo ten tocado en diversas festas e festivais de Galiza e tamén fóra dela, en lugares como:

- Festival de Músicas do Mundo *maio 2012, Etxarri-Aranaz-Navarra*
- Festival Le Grand Bal de l'Europe *xullo 2012, Gennetines-Francia*
- Festival Intercéltico de Lorient *agosto 2013, Lorient-Breña*
- Calan Mai, a festa da primavera celta *maio de 2014 Cardiff-Gales*
- Festival Folk *novembro de 2017, Eivissa*
- Festival Internacional de Música Popular i Tradicional *xuño de 2018, Vilanova i la Geltrú*
- Brosella Folk & Jazz *xullo de 2018, Bruxelas*
- Festa do Caldo de Quintandona *setembro de 2018, Penafiel -Portugal*
- Wackelstein Festival *xullo de 2019, Amaliendorf -Austria*
- Festival do Mundo Celta de Ortigueira *xullo de 2018 e xullo de 2022*
- Festival Intercéltico de Moaña FIM *agosto de 2022*





Premios e recoñecementos:

Galardoados:

- IX Edición dos Premios Martín Códax da Música na categoría de música folk (2022)

Finalistas:

- Premios aRi[t]mar -Galiza e Portugal- no ano 2021
- IV Edición) dos Premios Martín Códax da Música na categoría de música tradicional e folk (2017
- V Edición dos Premios Martín Códax da Música na categoría de música tradicional e folk (2018)
- VI Edición dos Premios Martín Códax da Música na categoría de música tradicional e folk (2019)
- VII edición dos Premios Martín Códax da Música na categoría de música folk (2020)
- VIII edición dos Premios Martín Códax da Música na categoría de música folk (2021)



Prensa:

Un disco al día por Fernando Neira

Os d'Abaixo: “Somos a pedra” (2022)

<http://www.undiscoaldia.com/os-dabaixo-somos-a-pedra-2022>

RootsWorld por Andrew Cronshaw

Os d'Abaixo. Somos A Pedra. Artist release

<https://www.rootsworld.com/reviews/abaixo-22.shtml>

Nós Diario

Xacobe Varela, de Os d'Abaixo: “Para nós, facer música implica algo máis, un compromiso cultural e mesmo político”

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/xacobe-os/20220111162342135478.html>

Zig Zag da TVG

Santi Cribeiro e Roberto Rama, de Os d'Abaixo. “A cultura é unha pedra, pase o que pase estará aí”

<https://www.g24.gal/-/santi-cribeiro-e-roberto-rama-de-os-dabaixo-a-cultura-e-unha-pedra-pase-o-que-pase-estara-ahi->



D'AGBAIXO

MUSICA GALEGA
2010



CULTURACTIVA
MÚSICA

Manuel Roxo / Isabel Vilaseco
619 933 348 / 981 582 836 / 616 47 08 57
info@culturactiva.org
www.culturactiva.org